



RESOLUCIÓN pola que se aproba a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso para a cobertura de dous posto na Axencia Galega de Innovación de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunus, convocados pola Resolución do 23 de outubro de 2023 (DOG núm. 207, do 31 de outubro de 2023).

En virtude do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos, e de acordo co establecido no artigo 11 das bases da convocatoria que rexe o proceso de selección convocado por Resolución do 23 de outubro de 2023 (DOG núm. 207, do 31 de outubro), esta Dirección

RESOLVE:

Aprobar a relación provisional de admitidos e excluídos para a cobertura de dous postos de persoal investigador da Axencia Galega de Innovación baixo a modalidade de persoal investigador distinguido (ver Anexo).

Contra esta resolución, as persoas interesadas disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación na páxina web, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

As reclamacións presentaranse, tal como figura no artigo 8 das bases da convocatoria, electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

De acordo co artigo 11 parágrafo 2º das bases da convocatoria, a relación de aspirantes excluídos e admitidos pode consultarse na páxina web da Axencia Galega de Innovación (gain.xunta.gal), na epígrafe Axencia/Procesos Selectivos/ Procesos selectivos ano 2023.

Os/as aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden os defectos que motivaron a súa non admisión serán definitivamente excluídos/as.

Asinado por medios electrónicos en Santiago de Compostela na data que consta na marxe
A directora da Axencia Galega de Innovación
Patricia Argerey Vilar





ANEXO

LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS

PRAZA NÚMERO: 1

DOMINIO ERC: Ciencias Físicas e Enxeñaría

BOLSA ERC: STARTING GRANT

POSTOS: 1

ANO DA CONVOCATORIA: 2023

PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA: Diario Oficial de Galicia do 31 de outubro 2023 (Núm.207)

ADMITIDOS:

APELIDOS	NOME	NIF
Giménez López	María del Carmen	***4215**

PRAZA NÚMERO: 2

DOMINIO ERC: Ciencias Físicas e Enxeñaría

BOLSA ERC: CONSOLIDATOR GRANT

POSTOS: 1

ANO DA CONVOCATORIA: 2023

PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA: Diario Oficial de Galicia do 31 de outubro 2023 (Núm.207)

ADMITIDOS:

APELIDOS	NOME	NIF
Martín Pérez	Jaime	***7631**

